

ANUNCIO

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÓNS/NAS XARDIÑEIRO/AS (APROL RURAL 2020)

Por Resolución da alcaldía núm. 564/2020, do 26.06.2020, acordouse o que segue:

“(…)

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de selección nos termos seguintes:

“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 TRABALLADORES/AS (PEÓNS/AS DE XARDIÑEIRO/A) MEDIANTE OPOSICIÓN PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO “TRABALLOS DE MANTENIMENTO FORESTAL” FINANCIADO POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.

1ª.- OBXECTO DAS BASES.

O obxecto destas presentes bases é regular a convocatoria do proceso de selección de persoal laboral temporal, 2 peóns/as de xardiñeiro/a, mediante o sistema de oposición, para a realización da obra ou servizo denominado “Traballos de mantemento forestal” ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 (DOG núm. 18, do 28.01.2020), modificada pola Orde do 18 de febreiro de 2020 (DOG. núm. 37, do 24.02.2020).

As contratacións serán a xornada completa e cunha duración de 9 meses dende a súa sinatura, realizándose na modalidade de duración determinada prevista no apartado a) do artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

As retribucións do persoal obxecto da contratación son as que lle corresponden a postos de igual categoría, de conformidade co Convenio Colectivo e a relación de postos de traballo do Concello de Fene.

As retribucións brutas mensuais dos postos de peóns/peoas de xardineiro/a ascenden a 1.857,36 € (1.592,02€ mais 265,34 € de p.p. extra).

As tarefas a realizar serán as de eliminar e cortar vexetación, abrir e manter camiños forestais, podar e eliminar residuos forestais e outras tarefas de planificación preventiva ou valorización forestal no Concello de Fene.

2ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

2.1.- Estar entre os/as candidatos/as previamente seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego de Galicia, tras a oferta de emprego realizada desde o Concello de Fene, tendo en conta os requisitos e características que deben reunir os traballadores e as traballadoras, segundo o establecido no artigo 14 da Orde do 20 de decembro de 2019, modificada pola Orde do 18 de febreiro de 2020.

Segundo o establecido no citado artigo 14, terán preferencia neste programa en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

2.2.- Os requisitos que deben reunir os/as traballadores/as, conforme á mencionada Orde e á normativa vixente, son os seguintes:

a) Nacionalidade

- Ter nacionalidade española
- Ser nacional de algún dos estados membros da Unión Europea
- Ser nacional de algún Estado no que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Poderán participar, tamén, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes de españoles e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e dos seus conxuxes sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- Ter residencia legal en España, en caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos apartados anteriores.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumprido dezaseis anos e non exceder, de ser o caso da idade máxima de xubilación forzosa, coas particularidades que se establecen na base seguinte.

d) Titulación: Non se esixe por estar asimilados os postos de traballo aos que se refire o presente concurso, a unha agrupación profesional, sen requisito de titulación.

e) Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato, e consecuentemente **ser candidatos previamente seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego de Galicia**.

f) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.

g) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

h) Non estar incursos nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

i) Non ter sido contratado/a, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas desempregadas.

j) Estar en posesión do Celga 1 ou equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía, será obrigatoria a realización dunha proba de galego. Este exercicio será cualificado de "apto" ou "non apto" (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

3ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A admisión de candidatos/as coincidirá coa selección realizada polo Servizo Público de Emprego, que deberán presentar as solicitudes para tomar parte nas probas selectivas conforme ao modelo que figura no Anexo I, **ata o día 29 de xuño** e dirixiranse ao alcalde do Concello expresando que reúnen tódolos requisitos esixidos na base anterior.

Presentaranse no Rexistro xeral do Concello, podendo presentarse tamén conforme ao sinalado no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

No caso de presentación presencial, será necesaria a cita previa para limitar o aforo, sendo as canles para realizar a petición as seguintes:

-Cita previa telefónica: 981 06 10 34 / 671 508 166

(De luns a venres en horario de 8.00 - 15.00 horas).

-Petición online: <https://sede.fene.gal/opencms/gl/cita/>

-Cita previa por correo electrónico: citaprevia@fene.gal

C.I.
E:
F:
P:
150
069
0-G

Á instancia, conforme ao modelo que figura no anexo I, acompañarase inescusablemente da seguinte documentación:

- Copia do D.N.I. ou equivalente.
- Copia tarxeta de demandante de emprego.
- Copia da tarxeta sanitaria.
- De ser o caso, copia do CELGA 1 co que quedarán exentos do exame de galego.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará Resolución aprobando a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, indicando neste caso as causas que deron lugar a exclusión, que se fará pública no taboleiros de anuncios e páxina web do Concello, concedéndose un **prazo de 1 día hábil**, dende a publicación da lista, para presentar reclamacións ou emenda de erros.

As reclamacións, se as houbera, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, na que figurará a designación do Tribunal e que se publicará do mesmo modo que a provisional.

Os anuncios de cualificación da oposición e o resultado do proceso selectivo farase pública mediante a publicación da correspondente acta/anuncio do tribunal no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

4ª.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de oposición cos candidatos/as que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Os aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

Os correspondentes anuncios e o resultado do proceso selectivo farase público mediante a publicación da correspondente acta/anuncio do tribunal no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

Fase de oposición (puntuación máxima 10 puntos).

A oposición constará de dous exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

PRIMEIRO EXERCICIO.- Exercicio práctico.

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas tarefas (eliminar e cortar vexetación, abrir e manter camiños forestais, podar e eliminar residuos forestais,..) do posto de traballo a desenvolver, proposta polo tribunal cualificador.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5 puntos.

No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, dirimiranse atendendo as seguintes circunstancias:

1º.- maior tempo en situación en desemprego

2º.- maior idade do/a aspirante

De persistir o empate, o tribunal realizará un sorteo para decidir a orde dos aspirantes.

SEGUNDO EXERCICIO.- Coñecemento da lingua galega.

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) terán unha proba oral de galego, que será cualificada como apto ou non apto.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente.

Se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración dos dous exercicios da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles aos/as opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos, agás renuncia expresa, entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

5ª.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

1. O tribunal cualificador será designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local) e, en base ao establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, estará integrado polos seguintes membros:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

- Presidenta/e (titular e suplente): Unha/un funcionaria/o de carreira pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Vogais (titulares e suplentes): Tres funcionarias/os de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a un corpo, escala ou categoría para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Secretaria/o (titular e suplente): Secretaria do Concello de Fene ou persoa que legalmente lle substitúa e, como suplente, unha/un funcionaria/o de carreira pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

2. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a ou persoa en quen delegue. De tódalas reunións que faga o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

3. Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 de Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público. O/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

6.- Os membros concorrentes ás sesións do tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias se clasificarán consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

C.I.
E:
F:
P:
150
368
0-G-

6ª.- PUNTUACIÓN FINAL.

Rematada a selección, o Tribunal publicará a relación de aspirantes pola orde de puntuación obtida por cada un deles, seleccionándose aos aspirantes que alcancen maior puntuación.

Publicada a referida lista as persoas interesadas poderán presentar reclamacións no prazo máximo de **un día hábil** dende tal publicación.

O resto dos/as candidatos/as que tiveran superado o proceso selectivo formarán parte dunha lista de agarda ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de posibles substitucións ou renuncias das persoas propostas ou, no seu caso, contratadas para este programa, sendo chamadas, nese caso, aquelas que acadasen as maiores puntuacións, sempre e cando reúnan nese momento os requisitos esixidos nestas bases.

En caso de renuncia pasará ao último posto da lista.

7ª.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Rematado o proceso formularase polo tribunal de selección proposta de contratación que será elevada ao Alcalde para que formule a contratación das persoas que acadasen as maiores puntuacións, en número que non supere á das prazas obxecto da convocatoria.

Os/as candidatos/as designados/as para seren contratados/as deberán achegar, no prazo de **2 días naturais** (contados a partires da publicación do resultado da selección), a seguinte documentación:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

a) Certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes ao posto de peón/a de xardiñeira.

b) Declaración xurada de non ter sido separado/a ou despedido/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas, Entidades Locais ou órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de emprego ou cargo público por resolución xudicial.

c) Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa contratación.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas están obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, quedando sometidas a un período de proba de 15 días, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores e estará suxeita a lexislación laboral pertinente.

8ª.- INTERPRETACIÓN DAS BASES.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

9ª.- RECURSOS.

A Resolución de alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e fronte á mesma poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, significándose que no caso de interpoñer o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da presente publicación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN PEÓN/PEOA XARDINEIRO/A PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO “TRABALLOS DE MANTEMENTO FORESTAL” (APROL RURAL 2020)

D/Dona _____ con DNI
nº _____ e con domicilio en
_____ C.P. _____
(teléfono _____; correo electrónico _____) ante o Sr.

Alcalde-Presidente do Concello de Fene, MANIFESTA:

-Que coñece e acepta as bases que van rexer a proceso de selección de persoal laboral temporal, 2 peóns/as de xardineiro/a, para a realización da obra ou servizo denominado “Traballos de mantemento forestal” (Aprol rural 2020).

-Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

-Que está inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado/a e está dispoñible para o emprego.

-Que non padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.

-Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin está inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

-Que non está incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

-Que non foi contratado/a, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas desempregadas.

-Que achega a seguinte documentación (sinalar cun X según proceda):

- Copia do D.N.I. ou equivalente.
- Copia tarxeta de demandante de emprego.
- Copia da tarxeta sanitaria.
- De ser o caso, copia do CELGA 1 co que quedarán exentos do exame de galego.

Por todo o exposto, SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido/a ás probas de Peón/a xardiñeiro/a.

En _____, __ de _____ de 2020

Asdo.: _____

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FENE

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



SEGUNDO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e na páxina web municipal.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.

C.I.
F.:
P-
150
360
0-G